



Carlos Sebastián Villasante Larramendi

Carlos Sebastián Villasante Larramendi (<https://equalsea.eu/>) licenciouse, no ano 2000, en ciencias legais e sociais pola Universidade de Bos Aires (Arxentina). Durante o período universitario, traballou no Programa Medioambiental das Nacións Unidas, que coordina as actividades ambientais da ONU, axudando aos países a desenvolver e aplicar políticas e prácticas para a pesca e a acuicultura sostibles.

No 2009, Sebastián Villasante obtivo o doutorado en economía aplicada na Universidade de Santiago de Compostela (USC) con premio extraordinario, onde é Profesor Titular do Departamento de Economía Aplicada. A súa principal liña de investigación céntrase no rol da economía e as institucións para xerar cambios e transformacións para un planeta máis xusto e seguro para as persoas.

En particular, estivo traballando no desenvolvemento e a aplicación de modelos cuantitativos e cualitativos para pescudar os conflitos espaciais dos usos mariños de diferentes actividades, coma a pesca comercial e recreativa ou a acuicultura. Posúe un claro enfoque multidisciplinar, dende a ecoloxía ás ciencias económicas e sociais, dende unha escala local a unha global.

Foi fundador do ICES Working Group on Resilience and Marine Ecosystem Services e do Grupo de Traballo sobre Valoración Monetaria da Ecosystem Services Partnership. Recentemente, foi nomeado experto español no Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca (STECF) que asesora á Comisión Europea e, actualmente, é un dos colíderes da Avaliación Global sobre Cambios Transformadores da Plataforma IPBES. Actualmente tamén é co-autor do Informe Mundial de Puntos de Inflexión e experto convidado pola Comisión da Tierra para traballar no rol dos océanos para a determinación de límites seguros e xustos para o planeta e o benestar humano. Foi relator convidado polo Parlamento Europeo, o Tribunal de Contas Europeo, Nacións Unidas, a Convención sobre a Biodiversidade Biolóxica ou a Plataforma de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos. É Editor Xefe da revista Marine Policy, e membro do Comité Editorial de revistas científicas de prestixio, coma AMBIO, Ecosystems and People, Frontiers of Marine Science, People and Nature y PLOS ONE. O doutor Villasante publicou máis de 225 artigos científicos en revistas científicas salientables, incluídos varios artigos na revista Nature, Science, entre outras, xa foi investigador altamente citado pola Universidad de Stanford en 2021, 2022 y 2024.

No 2021, acadou unha ERC Consolidator Grant para levar a cabo o proxecto EQUALSEA e, actualmente, é o Coordinador do Grupo de Investigación EqualSea na Universidade de Santiago de Compostela. Cun orzamento de case 2 M€ e durante 5 anos, o proxecto analizará as transformacións socio-ecolóxicas de cara a unha maior equidade dos océanos, afondando no xeito de como certos tensores afectan ás áreas mariñas protexidas, ademais do impacto destas na sociedade.